



M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o **Pleno da Corporación Municipal**, en relación coas **lousas da Praza da Igrexa**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As obras que se están efectuando diante da igrexa parroquial de Ribeira deixaron ao descuberto as lousas de perpiaño orixinais desa praza, aparentemente en moi bo estado de conservación.

Esas lousas, de grandes dimensións, teñen un incuestionable valor histórico. De feito, hai algo máis de 20 anos, a remodelación desa praza suscitou moita controversia e mesmo unha serie de protestas de grupos veciñais que se opoñían ao cambio da pedra orixinal pola que finalmente se colocou na praza.

Dende o BNG, facéndonos eco da voz da cidadanía, consideramos que a realización desta obra debería traer consigo a oportunidade de saldar débedas co patrimonio histórico de Ribeira, tantas veces degradado.

Por esta razón o Grupo Municipal do BNG

S O L I C I T A:

Que, por parte do Goberno Municipal, se restauren estas lousas de perpiaño e, unha vez sometidas ao tratamento necesario para devolverlle o aspecto orixinal, volvan a formar parte da paisaxe urbana desta praza.

Ribeira, 15 de xuño de 2009

Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA